

MUIÑADA

*Un espectáculo para
toda a familia
de Galeatro*



UNIDADE DIDÁCTICA

Coproducido por:



Colabora:





Sabela e Xacobe encóntranse nun muíño de auga por un malentendido coas quendas. Ao veren que os dous non poden moer ao mesmo tempo, comeza unha discusión na que o xogo, as lendas, a tradición e a música farán que os cativos e os que non o son tanto se acheguen a un edificio que foi fundamental para a historia de Galicia.

Muiñada é unha viaxe ao pasado para os nenos de hoxe. Unha viaxe que serve para coñecer de onde vimos e para non deixar morrer a memoria das nosas avoas e avós. Muiñada é tradición, é festa, é música e, sobre todo, teatro para toda a familia.

Dirección: Davide González

Texto: Ana Carreira

Intérpretes: Alba Bermúdez e Tone Martínez

Escenografía: Anahí Taraburelli

Asesoramento de danza: María Martínez

Idade recomendada

Muiñada está pensada para público familiar e infantil a partir de 5 anos.

Duración

50 minutos



Galeatro é unha compañía teatral carballesa fundada polos intérpretes Alba Bermúdez e Tone Martínez no ano 2013 co obxectivo de crear proxectos teatrais de carácter didáctico. Cos espectáculos *De Ieria con Castelao*, *Identifica-t*, *Comechíns*, *segundo prato*, *Unha clase maxistral* ou *O Contador de contos* percorre na actualidade os centros educativos de toda Galicia.

Muiñada é o seu primeiro espectáculo infantil de gran formato, coproducido polo Festival Internacional Outono de Teatro de Carballo (FIOT).



OBXECTIVOS

Muiñada é unha peza da que poden gozar todos os cursos da educación primaria, con diferentes niveis de lectura. Nesta unidade didáctica preséntanse unha serie de propostas para realizar nas aulas que introducen a obra e complementan os seus contidos desde diferentes campos.

Achegámonos a un universo de tradicións e lendas inmerso na Galicia rural de mediados do século XX, a través do cal o alumnado poderá descubrir o mundo dos seus avós e o noso patrimonio etnográfico e inmaterial.

Alén diso, a través doutros temas que trata esta peza teatral nesta unidade didáctica traballaremos sobre:

- A igualdade de xénero
- A loita contra os prexuízos
- A curiosidade por aprender
- O desenvolvemento da expresión oral e ampliación de vocabulario
- A mellora do uso do galego
- O respecto polo medio ambiente e o patrimonio
- Crear hábito e gusto polo teatro



ACTIVIDADES

© Primeiro ciclo de primaria (1º e 2º)

Antes da representación

1. Descubrindo o muiño

Sabela e Xacobe encóntranse nun muiño de auga e comezan a discutir por ver quen moe primeiro.

Que é un muiño? Para que serven? Como son? En Galicia temos catro tipos básicos: de man, de auga, de vento e de mareas.

Procuraranse fotografías dos diferentes tipos de muiño e pegaranse nun pequeno mural, distinguindo os diferentes tipos de muiño que existen e deixando claro para que serven.

2. Dentro do muiño

Unha vez que o alumnado sabe para que serve un muiño entendemos de forma básica como funciona. Procura de imaxes e debuxos que expliquen o funcionamento, sen entrar nos detalles do vocabulario específico. Pódese quedar coas palabras clave: rodicio, moa, canle e presa.

3. As estacións

A historia de *Muiñada* transcorre durante todo un ano, nas súas catro estacións. Por grupos, un por cada estación, o alumnado debuxa nun cartón o outono, o inverno, a primavera e o verán cos elementos que crean son máis representativos de cada momento. Cada grupo expoñerá diante dos demais en que consiste cada estación e cales son os elementos que escolleron para describila. Os debuxos penduraránse na aula.



4. De quen é o muíño?

Sabela é quen ten a chave para ir moer, porque lle toca a ela, ten a quenda.

Que son as quendas? En que momentos utilizas ti as quendas? En xogos, na escola, nas tarefas da casa...

Os muíños podían ser privados ou comunais, isto é, de todas as persoas que vivían nunha aldea e que se repartían o tempo para poder moer nel.

Que cousas coñeces que son de todos? Por que é importante organizarse en quendas? Como cres que coidan o muíño as persoas da aldea sabendo que é de todos? Preparar un pequeno debate sobre o coidado das cousas que nos pertencen a todos, as rúas, os monumentos antigos, a propia escola...

Despois da representación

1. Que non falte o pan

No muíño de Sabela e Xacobe moen millo, sabes como son estes grans? E os de trigo?

Que cousas se poden facer coa fariña do muíño? Cal é o tipo de pan que máis che gusta?

Individualmente nunha cartolina o alumnado realizará o debuxo do seu alimento favorito no que a fariña sexa o ingrediente básico. Ao final quedarán pendurados na aula.

2. Que medo!

Sabela e Xacobe aproveitan o tempo que leva moer para se contaren historias terroríficas. Sabela canta para espantar o medo. Como fas ti para non telo?

Preparar un pequeno conto de medo onde aparezan pantasma, bruxas, mouras ou o ser terrorífico que máis che guste e contalo á clase.

3. A muiñeira

A Sabela e Xacobe gústalles moito bailar. O noso baile tradicional máis coñecido chámase muiñeira, porque se bailaba nas festas que se facían nos muíños mentres que se esperaba pola fariña.

Coa música tradicional vamos bailar tamén nós. Deixaremos o corpo libre para facer os movementos que nos suxiran a música. E iremos movendo o corpo desde o chan á cabeza, pouco a pouco. Primeiro só bailan os pés, despois a cintura, os brazos e finalmente tamén a cabeza.

4. Sabela pisa forte

Sabela non precisa de ningún home que a defenda. Ela é libre e pisa forte. Vamos cantar a súa canción. Poñéndonos en pé, inventamos unha melodía para a letra e ao fin de cada verso damos un golpe no chan con cada pé, pisando forte.

Pero agora (tap-tap)
co meu traballo (tap-tap)
gaño os cartos (tap-tap)
ando libre (tap-tap)
e por primeira vez (tap-tap)
merco zapatos (tap-tap...)
piso forte (tap-tap)
e nada me asusta (tap-tap)



Dirixidos pola mestra ou mestre, o alumnado debatirá sobre a igualdade. Algunhas das preguntas poden ser:

Hai traballos para homes e outros para mulleres? Hai xoguetes para nenos que non sirvan para as nenas? E hai xoguetes para as nenas que non sirvan para os nenos? Por que?

5. Xacobe é un rato

Aínda que a Xacobe lle gusta o lobo, realmente el compórtase como un ratiño. A Sabela gústalle o corvo, que o acompañou desde pequena.

Cal é o teu animal favorito? Cales son as súas características? Cada alumno deberá representar con mímica os xestos típicos do seu animal favorito, sen emitir sons. O resto deberá adiviñar de que animal se trata.

6. A canle está seca

A falta de auga impide que o rodicio se mova, e se non vira, tampouco se pode moer o gran. E iso déixanos sen fariña e sen pan.

Como podemos facer para evitar que nos falte a auga? Por grupos deberanse escoller cinco consellos para aforrar auga na casa e presentalos aos demais compañeiros. Despois na casa hai que cumprilo!

7. De promoción!

Que foi o que máis che gustou de *Muiñada*? E o que menos? De forma individual cada alumno vai deseñar un cartel, co que máis lle gustou da peza teatral. Unha vez rematado, diante da clase presentarán a obra de forma breve, como se fosen os protagonistas dun anuncio. Hai que contar por que o público ten que ir ver *Muiñada* e por que hai que ir ao teatro en xeral.

8. Saímos ao muíño!

Organizar unha pequena saída aos muíños máis próximos ao colexio para ver de primeira man o explicado na clase. Sempre hai un muíño non moi lonxe, mesmo se o colexio está nunha cidade. O alumnado pode lembrar o funcionamento do mesmo, e algunhas partes da obra teatral nun auténtico muíño.

© Segundo e terceiro ciclo de primaria (3º, 4º, 5º e 6º)

Antes da representación

1. Descubrindo o muiño

Sabela e Xacobe encóntranse nun muiño de auga e comezan a discutir por ver quen moe primeiro.

Que é un muiño? Para que serven? Como son? Visitaches algún?

Pola forza dos debuxos animados ou filmes estaremos afeitos a ver os muiños de auga cunha gran roda vertical de madeira no exterior do edificio ou os muiños de vento da Mancha ou dos Países Baixos. Mais sabes como son os nosos muiños? Traballo de investigación para procurar fotografías de muiños de vento, de río e de mareas galegos e establecer as diferenzas cos muiños clásicos que pasan pola nosa imaxinación. Pódese facer de maneira oral ou facendo un debuxo, escollendo un tipo e comparando os galegos cos de outros lugares.

2. Dentro do muiño

Unha vez que o alumnado sabe para que serve un muiño entendemos de forma básica como funciona.

Cada alumno procurará na casa información sobre o funcionamento do muiño e fará un esquema-debuxo básico de como funciona. Nel deberá situar: a canle, a moega (caixa onde colocar o gran), a moa ou capa, o pé, o rodicio, o tremiñado e o inferno.

De ter a posibilidade, sería interesante que puidesen preguntar aos avós para que llo explicasen.

3. As estacións

A historia de *Muiñada* transcorre durante todo un ano, nas súas catro estacións. O tempo irá marcado polas festas tradicionais.

Por grupos, o alumnado vai escoller unha festa tradicional que represente cada estación. Deben ser eles os que teñan a idea e teñen que estar representadas na aula as catro estacións. Cada grupo realizará un debuxo identificativo da festa e da estación. Unha vez feito, expoñerase diante dos demais en que consiste a festa e cales son os elementos que escolleron para describila. Os debuxos penduraranse na aula.



4. Ditos populares

“Do pecado da ignorancia, saca o demo ganancia.”

Explicar entre todos o significado deste refrán. Procuraranse outros refráns galegos (que sexan propios, non traducións do castelán). Cada alumno escollerá o refrán que máis lle guste e nunha cartolina escribira o refrán e fará un debuxo sobre o mesmo. Todos os ditados populares hanse pendurar na aula reivindicando o seu uso na fala. Para a procura dos refráns existen varios recursos bibliográficos e tamén na rede (www.refraneirogalego.com)

Despois da representación

1. O tempo das mouras

En *Muiñada* fálase de diferentes seres mitolóxicos galegos. Mouras, meigas, Santa Compañía, o sacaúntos, lobos, ghazafellos, encantos, xacias...

Vaise dar un destes seres a cada alumno para que procuren información sobre el e fagan un debuxo. Despois terán que contar á clase como é, que fai, onde vive... Os debuxos penduraránse na aula ao fin da actividade.



2. Que medo!

Sabela e Xacobe aproveitan o tempo que leva moer para se contaren historias terroríficas. Sabela canta para espantar o medo. Como fas ti para non ter medo?

Preparar un pequeno conto de medo e contalo á clase. Todos os contos teñen que ter unha explicación final para a situación terrorífica, deixando claro que as pantasma non existen!

3. Son un crítico teatral

Individualmente cada rapaz vai redactar unha crítica teatral, na que se faga un breve resumo da obra (sen contar o final) e conte o que máis e menos lle gustou da peza. A crítica deberá ter un titular que chame a atención.

4. Sabela pisa forte

Sabela non precisa de ningún home que a defenda. Ela é libre e pisa forte. Pode ser o que ela queira.

Dirixidos pola mestra ou mestre, o alumnado debatirá sobre a igualdade. Algunhas das preguntas poden ser:

Hai xoguetes para nenos que non sirvan para as nenas? E hai xoguetes para as nenas que non sirvan para os nenos? Por que? Hai deportes para homes e deportes para mulleres? Hai traballos para homes e outros para mulleres?

5. De muiñada!

A Sabela e Xacobe gústalles moito bailar. O noso baile tradicional máis coñecido chámase muiñeira, porque se bailaba nas festas que se facían nos muiños mentres que se esperaba pola fariña.

Vamos tamén bailar a muiñeira e se non sabemos inventámola! Colócanse os alumnos por parellas un fronte ao outro. Primeiro ensaiaremos os movementos en espello. Unha persoa de cada parella será a encargada de guiar os movementos: agora un brazo á esquerda, agora o pé dereito, movo a cabeza para arriba... O compañeiro debe imitalo como se fose o seu reflexo nun espello.

Tendo isto claro, vamos comezar co baile. Poñemos os brazos en alto e soa a muiñeira. Cada alumno vai facer o movemento que queira cos pés, ten que ser fácil porque o compañeiro vaino ter que repetir despois, como se fose o seu reflexo no espello. O movemento repítese varias veces, até que o mestre pide cambio. Agora será o compañeiro o que invente o paso de baile!

6. O muiño inspira

Os cantares tradicionais teñen en moitas ocasións o muiño como escenario. Ou ben porque se está nel traballando, porque se camiña cara a el, porque non funciona e ven a persoa namorada a axudar...

Cada alumno vai compoñer uns versos nos que o muiño estea presente dalgunha maneira. Deberán respectar a métrica das muiñeiras, porque despois será o momento de que cada un cante a súa!



7. Teño a quenda!

Momento de ser actriz e actor. Por grupos de 2, 3 ou 4 alumnos inventade unha pequena escena para a súa representación na aula: os personaxes, quen sodes, por que estades no muiño, cal é o conflito e como o resolvedes. Tendo claras estas premisas agora toca improvisar!

8. Saímos ao muiño!

Organizar unha pequena saída aos muiños máis próximos ao colexio para ver de primeira man o explicado na clase. Sempre hai un muiño non moi lonxe, mesmo se o colexio está nunha cidade. O alumnado pode lembrar o funcionamento do mesmo, e algunhas partes da obra teatral nun auténtico muiño.



Gustaríanos saber o que pensas!

Envíanos as túas suxestións e a túa valoración sobre a representación e sobre as actividades propostas nestas páxinas ao noso enderezo electrónico:

galeatro@gmail.com

Autor da unidade didáctica:

Manuel Rial

Muiñada, unha obra de


GALEATRO
Compañía de teatro